

## GUÍA PARA A ELABORACIÓN DO TRABALLO FIN DE MESTRADO (TFM)

Curso 2024-2025

### 1. Que é o TFM?

É unha materia obrigatoria do plan de estudos, de 9 créditos. Supón a realización por parte do alumnado dun proxecto, memoria ou estudo que terá que ser individual, innovador, persoal e orixinal, que supoña unha iniciación á investigación dentro dunha das áreas de Didácticas Específicas do mestrado, ou de varias, se se optase por lle dar un carácter interdisciplinar.

Deberá estar orientado á aplicación das competencias asociadas á titulación e á adquisición das competencias relacionadas coa aprendizaxe autónoma, coa dirección dun profesor/a.

A elaboración do TFM debe basearse en **traballo de campo** en escolas, museos ou outras entidades, en particular no do Prácticum no caso de terse realizado. En calquera caso, debe ter vinculación coa práctica educativa, **non** se poden realizar traballos exclusivamente teóricos ou de revisión.

Constará dun documento escrito que terá que seguir as pautas que se sinalen neste documento marco e as indicacións do/a director/a, realizadas na atención personalizada e/ou titorías. Neste documento marco recóllense características diferentes de formato, segundo as áreas polas que se presente.

O alumnado terá que expoñer e defender o TFM publicamente perante un tribunal de avaliación nomeado pola Comisión do Mestrado da universidade.

O Traballo de Fin de Mestrado réxese polas normativas de TFM da Universidade de Vigo, da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte e demais normativas xerais vixentes.

### 2. Dirección do TFM

O/a director/a do TFM de cada estudante será o mesmo que o/a titor/a do Prácticum, profesor/a do mestrado dunha das áreas de Didácticas Específicas. O TFM poderá ser dirixido por dúas persoas, unha delas necesariamente dunha das áreas de Didácticas Específicas. Cada docente só poderá dirixir un máximo de dous TFM e, excepcionalmente, un número maior contando coa aprobación da Comisión Académica.

As súas funcións serán:

- Axudar a/o alumna/o a concretar o tema sobre o que traballará.
- Resolver as súas dúbidas ao longo da realización do TFM.
- Facilitarlle as orientacións pertinentes que permitiren a integración dos coñecementos conseguidos neste mestrado e no desenvolvemento da súa competencia docente.
- Orientar sobre os recursos bibliográficos e materiais didácticos que redundaren na maior calidade, creatividade e orixinalidade do TFM.
- Revisar o texto final do TFM e dar o visto e prace para a súa defensa.

### 3. Cando e como debo tramitar a asignación de tema e titor/a?

A Coordinación do Mestrado publicará a oferta de liñas temáticas e de titorización de TFM do persoal docente a comezos do curso (Anexo I). O alumnado debe poñerse en contacto co profesorado co que estea interesado en realizar o TFM. O persoal docente comunicará á Coordinación as titorizacións que solicita. Tras analizar as solicitudes o profesorado titor será nomeado pola Comisión Académica local do Mestrado.

O estudando entregará, co visto e prace do/a titor/a, unha **Proposta do plan de traballo** coa data establecida no Anexo II. A entrega se realizará no curso virtual do TFM en Moovi.

No caso de TFM cuxo traballo de campo se realice en centros de ensino **públicos** (non nos concertados nin nos privados) débese solicitar **informe ao Comité de Ética** de TFG e TFM da Facultade de Ciencias da Educación. Isto faise en cumprimento da *Instrución 4/2023 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a autorización de realización de estudos no ámbito educativo*.

A solicitude debe realizala a persoa titora a través do formulario dispoñible [nesta ligazón](#), previo acordo co/a estudante. A data límite é a mesma da entrega do Plan de TFM (Anexo II).

Por outra banda, en Moovi hai dispoñibles modelos de consentimento para realizar nos estudos. Lémbrese a importancia desta cuestión, particularmente ao traballar con menores.

### 4. Cando podo defender o TFM? (requisitos)

Para poder defender o TFM será necesario ter superada a totalidade dos demais créditos do título e ter o informe favorable da dirección (Informe de Idoneidade).

O alumnado disporá de varias oportunidades de avaliación nas datas que se establezan (Anexo I).

Para a defensa do TFM, o alumnado deberá entregar:

- Autorización da persoa titora
- Solicitude de defensa
- Memoria do TFM (máximo 4 MB)

### 5. Que criterios de avaliación debo ter en conta?

O TFM terá que axustarse ás características indicadas neste Documento marco. Nesta avaliación terase en conta o rigor, a orixinalidade, a coherencia e cohesión interna do traballo, a súa fundamentación teórica, a incorporación de referencias bibliográficas actualizadas, así como a adecuación ao formato esixido.

O alumnado terá que facer a presentación oral e defensa do seu TFM perante o tribunal asignado. Nesta, terase en conta a corrección na expresión oral, a capacidade de síntese, as capacidades comunicativas, así como a corrección e argumentación das respostas e a súa adecuación ás posibles cuestións que os membros do tribunal lle poidan formular.

En relación coa avaliación de cada traballo, o tribunal procederá a cualificar este seguindo os puntos que figuran no cadro do Anexo III.

## 6. Como vai ser a avaliación?

Para a avaliación dos TFM constituiranse tribunais. Estes estarán compostos por tres docentes do mestrado e dous suplentes. Os tribunais, xuntamente co lugar, día e hora fixados para a defensa do TFM, serán publicados con 6 días naturais de antelación.

O/a director/a do TFM non poderá formar parte do tribunal avaliador correspondente, sempre e cando os recursos humanos o fixeren posible.

Para a defensa do TFM, o alumnado disporá dun máximo de quince minutos. Posteriormente, sen superar os trinta minutos, os membros do tribunal avaliador realizarán as observacións e consideracións oportunas.

Finalizadas todas as defensas de TFM da sesión correspondente, o tribunal publicará as cualificacións provisionais. O 100% da cualificación será asignada polo tribunal.

A cualificación outorgarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal, a que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa:

- 0-4.9: Suspenso (SS)
- 5.0-6.9: Aprobado (AP)
- 7.0-8.9: Notable (NT)
- 9.0-10: Sobresaliente (SB)

A mención de “matrícula de honra” poderá ser outorgada ao estudantado que obteña un sobresaliente, sendo requisito que haxa unanimidade no tribunal para a súa concesión.

## 7. Cales son as características e cuestións formais do TFM?

O TFM será presentado co formato dun artigo de investigación.

As características formais son:

- A extensión do traballo será dun máximo de 40 000 caracteres sen espazos (sen incluír os anexos).
- Marxes: 2,5 cm superior e inferior / 3 cm dereita e esquerda.
- Portada (Anexo IV): será a primeira páxina, que deberá levar o logotipo do mestrado e incluír os seguintes datos:
  - Título do traballo. Deberá aparecer en galego, castelán e inglés.
  - Nome da/o alumna/o
  - Nome do(s)/a(s) director(es)/(as) do TFM.
  - Data de defensa.
- Incluirase un resumo de 150 palabras e 3-5 verbas chave (Times New Roman 11 puntos; entreliñado 1 punto).
- Índice: incluírase antes do corpo do traballo, resaltando en negriña os números dos distintos apartados do traballo (Times New Roman 11 puntos; entreliñado 1 punto).
- Corpo do traballo: En Times New Roman de 12 puntos, entreliñado 1.5 puntos (dobre entre parágrafos). Con fins orientativos, a súa estrutura pode incluír as seguintes

seccións: introdución e obxectivos; fundamentación teórica; metodoloxía; análise de resultados; conclusións e implicacións; referencias bibliográficas.

- As fontes deberán referenciarse seguindo a normativa APA, 7ª edición: [https://owl.purdue.edu/owl/research\\_and\\_citation/apa\\_style](https://owl.purdue.edu/owl/research_and_citation/apa_style)

Cómpre sinalar que se poderán recoller características de formato diferentes ás indicadas anteriormente, segundo as áreas polas que se presente como, por exemplo, e entre outros, aqueles vinculado a un proxecto artístico na área de Didáctica das Artes Visuais, que poderán ter un formato distinto no que atinxe a tipografía, maquetación, imaxes etc., co obxectivo da procura estética coherente co traballo realizado polo alumnado. Isto poderá ser tamén de aplicación a aqueles TFM que non estean vinculados á área de Didáctica das Artes Visuais e si a calquera outra das didácticas específicas pola que se presente, cando o director/a e o/a alumno/a o consideren imprescindible ou de especial relevancia para a consecución dos obxectivos e sempre e cando se enmarque nas liñas xerais deste Documento marco.

Poderanse, ademais, incluír os documentos e materiais que se consideraren pertinentes para a mellor comprensión e contextualización do TFM.

**ANEXO I. CALENDARIO DO TFM**

<b>CRONOGRAMA DO PROCESO DE ASIGNACIÓN DE PERSOAL TITOR E ELABORACIÓN DO PLAN DE TRABALLO DE TFM</b>		
<b>Datas</b>	<b>Actividade</b>	<b>Responsable</b>
30/10/24	Xuntanza informativa sobre Prácticum e TFM Virtual ás 17:00	Coordinador Estudantes
Ata 02/12/24	Comunicación de oferta de liñas de traballo e titorizacións Solicitudes de titorización do alumnado	Profesorado titor da universidade Estudantes
Ata 05/12/24	Asignación de titores/as a cada estudante	Dirección do Mestrado
10/03/25 - 21/03/25	Subir Plan de Traballo do TFM (Anexo II) escaneado a Moovi (curso virtual do TFM)	Estudantes
10/03/25 - 21/03/25	Só para centros públicos: Solicitude de informe á Comisión de Ética de TFG e TFM da FCCED <a href="#">nesta ligazón</a>	Profesorado titor (en coordinación con Estudantes)

**CRONOGRAMA DE DEFENSA DE TFM**

	<b>CONVOCATORIA</b>		
	<b>1º CUADRIMESTRE (CONVOCATORIA ADIANTADA)</b>	<b>2º CUADRIMESTRE</b>	<b>XULLO</b>
<b>SOLICITUDE DE DEFENSA</b> Entregar: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Autorización persoa titora (<b>pendente confirmación procedemento</b>)</li> <li>- Solicitude de defensa (<b>pendente confirmación procedemento</b>)</li> <li>- Subir ao curso virtual da materia en Moovi a Memoria do TFM (máximo 4 MB)</li> </ul>	17/01/25 – 23/01/25	09/06/25 – 16/06/25	25/06/25 – 01/07/25
<b>DEFENSA TFM</b>	04/02/25	26/06/25	15/07/25

**ANEXO II. PROPOSTA DO TRABALLO DE FIN DE MESTRADO**

**PROPOSTA DO TRABALLO DE FIN DE MESTRADO**

<b>Curso académico:</b>
<b>Nome e apelidos do/a alumno/a:</b>
<b>Nome e apelidos do/a titor/a do TFM:</b>
<b>Título do Traballo de Fin de Mestrado (galego, castelán e inglés):</b>
<b>Breve descrición do traballo (obxectivo xeral, delimitación do contido e resultados previsibles):</b>

Pontevedra, ..... de ..... de .....

Asdo. .... V. e pr. ....

(Nome e apelidos do/a alumno/a)

(Nome e apelidos do/a titor/a)

**ANEXO III.**

**INFORME DO TRIBUNAL DO TRABALLO DE FIN DE MESTRADO**

<b>Nome estudante</b>	
<b>Convocatoria</b>	

<b>VALORACIÓN DO TRABALLO DE FIN DE MESTRADO</b>			
<b>1. CUESTIÓNS FORMAIS</b> 5%	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Claridade, organización da información</li> <li>• Referencias bibliográficas segundo as normas establecidas</li> <li>• Expresión correcta</li> <li>• Presentación correcta do material do traballo</li> </ul>	0 – 0.5	
<b>2. OBXECTIVO, FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA</b> 15%	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Definición e xustificación do obxecto de estudo</li> <li>• Revisión bibliográfica actualizada e coherente co obxecto de estudo que mostre o estado da cuestión</li> <li>• Capacidade de integrar a información nun discurso coherente</li> </ul>	0 – 1.5	
<b>3. DESEÑO E DESENVOLVEMENTO</b> 25%	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coherencia da metodoloxía co obxecto de estudo</li> <li>• Especificación da metodoloxía</li> <li>• Rigor na presentación e análise de resultados</li> <li>• Coherencia dos resultados e a súa análise co obxecto de estudo</li> </ul>	0 – 2.5	
<b>4. CONCLUSIÓNS</b> 15%	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Relación das conclusións cos obxectivos do estudo</li> <li>• Coherencia das conclusións cos resultados obtidos</li> <li>• Capacidade de síntese no enunciado das conclusións</li> <li>• Capacidade de propoñer implicacións didácticas e consideracións para futuras investigacións derivadas do traballo</li> </ul>	0 – 1.5	
<b>5. PRESENTACIÓN E DEFENSA</b> 40%	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Competencia comunicativa e capacidade de síntese na presentación</li> <li>• Calidade nos medios e/ou materiais de apoio se houber</li> </ul>	0 – 2.5	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Argumentación e adecuación das respostas ás cuestións formuladas</li> </ul>	0 – 1.5	
<b>NOTA (0-10)</b>			

Pontevedra, de de

*Presidente/a*

*Vogal*

*Secretario/a*

**ANEXO IV. PORTADA DO TRABALLO**

Máster en Investigación e Innovación  
en Didácticas Específicas para  
Educación Infantil e Primaria

---

UniversidadeVigo

**TRABALLO FIN DE MESTRADO**

**TÍTULO (no idioma oficial utilizado no TFM)**

**TÍTULO (no outro idioma oficial)**

**TÍTULO (en inglés)**

Nome e apelidos do autor/a  
Nome e apelidos do titor/a

**Data de defensa**